



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2025/E001/000003. Proceso selectivo dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.

Acta do Tribunal do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 155/2025 de 16 de maio de 2025 para proceder á realización do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 124/2025 de 23 de abril de 2025, publicadas no BOP núm. 80 de 29 de abril de 2025.

Lugar: "Nave de Servicios Municipales"

Día: 21 de maio de 2025

Hora de comezo: 10.00 horas

Hora de remate: 11.30 horas

Asistentes:

- Presidente: Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).

- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).

- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, conductor encargado tractor Concello de Touro.

Non asisten:

- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.

- Vogal 3ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar servizos sociais Concello de Touro.

Reúñese o Tribunal de selección co obxecto de realizar a proba práctica, na que se valorará o manexo do tractor e os seus accesorios.

Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou a maquinaria e tempo empregado nesta proba práctica.

Cualificarase de 0 a 10 puntos sendo excluídos/as os/as aspirantes es que non acaden o mínimo cinco puntos (5 puntos). A cualificación deste exercicio efectuarase con 2 decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Corresponde ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Procedeuse ao chamamento das persoas que constan na lista de admitidos:

Apelidos e nome	Observacións
Barreiro Tato Alberto	COMPARECE
Mosquera Alfonso David	COMPARECE
Pereiro Mella Carlos	COMPARECE

A continuación procedeuse a realización das probas por parte dos aspirantes que asisten ao proceso, no que se valorou a proba de conformidade co seguinte:

- Proba de manexo de desbrozadora de brazo. Limpeza de taludes e coñecementos básicos do mantemento do vehículo e maquinaria (10 puntos)

Valorando:

- A destreza no manexo do vehículo e maquinaria.
- A calidade no traballo.
- Os coñecementos básicos do mantemento do vehículo e maquinaria.
- O tempo empregado.

O Tribunal por unanimidade outorga as seguintes puntuacións

Nome e apelidos	Proba de manexo de desbrozadora de brazo (limpeza de taludes) e coñecemento de mantemento de tractor 10 puntos	Total puntuación 10 puntos	Proba galego
Barreiro Tato Alberto	9,00	9,00 APTO	Acreditación CELGA
Mosquera Alfonso David	4,00	4,00 NON APTO	Acreditación CELGA
Pereiro Mella Carlos	8,50	8,50 APTO	Acreditación CELGA

Á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Elevar a listaxe das persoas aprobadas para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de:

-Barreiro Tato Alberto

SEGUNDO. Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación:

-Pereiro Mella Carlos

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 11.30 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

Presidente

Manuel Santiago Neira Gómez

Vogal

Manuel Rodríguez Calvo

Secretario

Miguel Ángel Liste Otero

